



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
DATA DE ENTRADA: 17 FEB. 2017	
REXISTRO DE CONVENIOS	

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA APOIO AO ACCESO E ADECUACIÓN DO FINANCIAMENTO DAS
EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS, INSTRUMENTADAS MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN
SUBSCRITO ENTRE O IGAPE, AS ENTIDADES FINANCEIRAS E AS SGR'S




Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465
Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25
IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA APOIO AO ACCESO E ADECUACIÓN DO FINANCIAMENTO DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS, INSTRUMENTADAS MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O IGAPE, AS ENTIDADES FINANCEIRAS E AS SGR'S

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

REUNIDOS:

- D. Juan Manuel Cividanes Roger, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante Igape).
- D. Juan Carlos Cameiro Caneda, en nome e representación da entidade **ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.**, con poderes suficientes para este acto.

CONSIDERANDO:

O presente convenio inscribese dentro do marco da política de apoio do Igape ás pequenas e medianas empresas.

O sector lácteo galego está a experimentar una situación de profundos cambios, derivados fundamentalmente da desaparición das cotas lácteas. A UE é a maior produtora de leite mundial, polo que unha vez que desapareceron as cotas lácteas, a produción na mesma experimentou grandes aumentos con respecto á produción existente baixo o réxime de cotas.

Non hai que esquecer tampouco a gran volatilidade que experimentan os prezos de leite de xeito habitual.

As explotacións lácteas de vacún de leite, atópanse por tanto, nunha situación que repercute nas necesidades financeiras, tanto de carácter estrutural coma coxuntural.

Nesta liña, convócanse as axudas do Igape ás explotacións leiteiras galegas, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira.

Este convenio tramitase ao abeiro do disposto no artigo 25.1.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do artigo 1.1º da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001. Na súa virtude, a concesión das achegas condiciónase á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da sinatura do convenio.

As partes, previamente postas de acordo, conveñen en subscribir un convenio para a articulación dos apoios ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Cláusula 1ª. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre o Igape, as entidades de crédito e as sociedades de garantía recíproca para a instrumentación de dúas liñas de financiamento bonificado dirixido as explotacións leiteiras galegas, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira:


Liña 1.-
Liña 2.-

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por

FERNANDEZ DOMÍNGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201E8F-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



Cláusula 2ª. Condicións das operacións e procedemento de tramitación

As condicións específicas do beneficiario, as características dos préstamos e os seus destinos, os tipos de xuros e comisións e o procedemento de tramitación das solicitudes, así coma o pagamento, modificacións, incumprimentos e reintegros, establécense nas bases reguladoras do programa de apoio que se anexan ao presente convenio e que se publicarán no Diario Oficial de Galicia.

Cláusula 3ª. Compromisos dos partícipes no convenio

1. Compromisos asumidos polas entidades financeiras que se adhiran:

- a) Colaborar na difusión do programa de axudas do lgape entre os seus clientes.
- b) Avaliar as solicitudes de préstamo e tramitar as solicitudes de axuda ante o lgape.
- c) Comunicar ao lgape as persoas autorizadas para o acceso á "Extranet de entidades colaboradoras".
- d) Desenvolver os procedementos necesarios para o bo fin da tramitación das operacións, poñer todos os medios dispoñibles para facilitarles o acceso a esta liña de financiamento ás empresas galegas e colaborar na difusión deste programa.
- e) Comunicar aos solicitantes, dentro dos dez días seguintes á presentación das solicitudes no rexistro telemático a data na que as solicitudes foron presentadas no lgape, o número de expediente asignado, o prazo máximo establecido para a resolución e notificación do procedemento (dous meses desde a data de presentación da solicitude no lgape) e os efectos do silencio administrativo (negativo).
- f) Remitir ao lgape as aclaracións que solicite respecto da documentación aportada polo beneficiario, relativa á formalización da operación financeira, xustificación e abono das bonificacións, así como someterse ás actuacións de comprobación que respecto á xestión dos fondos poida efectuar o lgape ou calquera dos organismos referidos na cláusula 5ª.
- g) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- h) A entidade de crédito asinante deste convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Compromisos asumidos polas SGR:

- a) Colaborar na difusión do programa de axudas do lgape entre os seus clientes.
- b) Colaborar cos beneficiarios na tramitación das solicitudes de axuda ao lgape.
- c) Conceder os avais para as operacións financeiras previamente aceptada por unha entidade financeira adherida ao abeiro deste convenio polas porcentaxes establecidas nas bases reguladoras do programa do lgape publicadas no *Diario Oficial de Galicia* ou xustificar, diante do lgape, os motivos da súa denegación.
- d) Remitir ao lgape as aclaracións que solicite respecto da documentación aportada polo beneficiario, relativa á formalización da operación financeira avalada pola SGR.
- e) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



deste programa e velar pola correcta formalización da operación financeira, no marco das bases reguladoras, do convenio e da resolución de concesión.

g) As SGR terán que custodiar e ter á disposición do Igape toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión do reaval, a que reflicta as incidencias sobrevidas nas operacións reavaladas e a especialmente establecida nestas bases, durante un período de cinco anos desde a súa cancelación.

h) A sociedade de garantía recíproca asinante deste convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Compromisos asumidos polo Igape:

a) Facilitar a información necesaria para a correcta difusión das axudas, por parte das entidades financeiras e SGRs.

b) O Igape obrigase a reavalas as operacións de préstamo/crédito aprobadas, durante a súa vixencia, en garantía de ata o 25% do risco asumido pola SGR. As SGR tamén poderán contar con reavais e achegas de organismos públicos ou dependentes da Administración. Nese caso, o reaval do Igape outorgarase por unha porcentaxe que, sumado aos reavais doutros organismos, non superen o 80% do risco asumido pola SGR.

c) No caso de falido dalgunha operación aprobada en virtude do presente convenio, o Igape aboaralle á SGR correspondente a porcentaxe do reaval aprobado sobre a cantidade que esta teña que asumir na operación, segundo o establecido nas bases reguladoras.

d) Facilitar información ás entidades colaboradoras respecto da situación da tramitación da solicitude de axuda.

e) Aboar por cada operación aprobada e xustificada ao abeiro deste convenio e das bases reguladoras da axuda, ao beneficiario, a través da entidade financeira prestamista, o importe da axuda que corresponda segundo as bases da convocatoria.

Cláusula 4ª. Aboamento da axuda

Os pagamentos correspondentes á axuda concedida e xustificada polo beneficiario, realizaranse na conta designada polo beneficiario.

O Igape poderá requirir das entidades financeiras colaboradoras e /ou SGR, con posterioridade ao pagamento da axuda, calquera documentación acreditativa do efectivo ingreso nunha conta correspondente á titularidade do beneficiario, así coma outra información para os efectos estatísticos e dunha axeitada imputación contable ao peche do exercicio.

Para os ditos efectos, o Igape resérvase o dereito de introducir modificacións e melloras na recollida de datos da Extranet, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións coas entidades colaboradoras e as actuacións de control que lle corresponden.

Cláusula 5ª. Control


Tanto as entidades financeiras como as sociedades de garantía recíproca adheridas quedan obrigadas a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións financeiras acoillidas a este convenio, e sométese ao réxime de infraccións e sancións establecido no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño de 2007 (DOG nº 121, do 25 de xuño).



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: DE37496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



Cláusula 6ª. Publicidade dos datos

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e as entidades destinatarias desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais e relevantes das entidades e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Cláusula 7ª. Procedementos para a interacción co Igape

1. As solicitudes da axuda do Igape deberán presentalas os interesados na entidade financeira, de acordo co procedemento establecido no artigo 8 das bases reguladoras publicadas no DOG. As entidades financeiras e SGR, no seu caso, poderán consultar a situación das solicitudes a través da Extranet de Entidades Colaboradoras, <http://tramita.igape.es>.

2. A vía telemática (Extranet) será obrigatoria para a interacción entre as entidades (entidades financeiras, SGR e o propio Igape) aos efectos do establecido na cláusula 3.1.d) e para comunicar, a amortización anticipada do principal da operación financeira polo importe da axuda ingresada no nº de conta previamente comunicado ao Igape.

3. O Igape resérvase a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da Extranet, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio.

Cláusula 8ª. Denuncia do convenio

1. Será causa suficiente para a resolución deste convenio o incumprimento por algunha das partes de calquera das súas cláusulas, trala denuncia cun mínimo de 30 días de aviso previo.

2. A resolución do convenio suporá, en todo caso, deixar atendidas fronte aos beneficiarios as obrigas xa contraídas por calquera das partes.

Cláusula 9ª. Seguimento do convenio

O seguimento do convenio realizarase a través de reunións de seguimento a manter entre as entidades de crédito, as SGR e representantes do Igape.

Cláusula 10ª. Publicidade

1. As entidades de crédito asinantes comprométense a mostrar, nas súas distintas sucursais, a publicidade facilitada polo Igape, no seu caso, e a colaborar na correcta difusión desta liña de axudas.

2. Co obxecto de lograr maior coordinación, os proxectos e campañas publicitarias que, no seu caso, realicen as entidades de crédito sobre este convenio, deberán comunicarse previamente ao Igape.

Cláusula 11ª. Natureza

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, correspondendo ao director xeral do Igape a interpretación do seu contido.

Cláusula 12ª. Adhesión das entidades colaboradoras ao convenio



a) Que teñan acreditada a súa solvencia. Entenderase acreditada polo feito de ter subscrito o contrato de financiamento co Instituto de Crédito Oficial, mediante o cal se lles autoriza para a xestión dos fondos, que a axencia financeira do estado, canaliza ás pemes mediante a fórmula de mediación a través das entidades de crédito.

b) Que presenten declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo as obrigas do artigo 12 do citado texto legal.

2. A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades bastantes, da declaración que se xunta como anexo V ás bases reguladoras da axuda publicadas no Diario Oficial de Galicia. O Igape daralles conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo participe no convenio.

Cláusula 13ª. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro do ano 2017, no que respecta aos seus termos económicos, sen prexuízo das prórrogas, que, se é o caso, así se pactasen por acordo expreso das partes, unha vez tramitadas as habilitacións oportunas.

Cláusula 14ª. Remisión normativa

En todo o non regulado expresamente neste convenio, estarase ao establecido nas bases reguladoras das axudas do Igape, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), no acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no resto da normativa que resulte de aplicación.


En canto ao cómputo de prazos, estarase ao disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Pola entidade financeira,
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.

Juan Carlos Carneiro Caneda
DNI: 33.258.930-X

Polo Igape




Juan Manuel Civildanes Roger
Director xeral do Igape



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



Bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras, instrumentadas mediante convenio de colaboración subscrito entre o Igape, as entidades financeiras e as SGR.

O Instituto Galego de Promoción Económica, no cumprimento das súas funcións, desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da comunidade autónoma galega.

O sector lácteo galego está a experimentar unha situación de profundos cambios, derivados fundamentalmente da desaparición das cotas lácteas. A UE é a maior produtora de leite mundial, polo que unha vez que desapareceron as cotas lácteas, a produción na mesma experimentou grandes aumentos con respecto á produción existente baixo o réxime de cotas.

Non hai que esquecer tampouco a gran volatilidade que experimentan os prezos da leite de xeito habitual.

As explotacións lácteas de vacún de leite atópanse, polo tanto, nunha situación que repercute nas necesidades financeiras, tanto de carácter estrutural coma conxuntural.

Nesta liña, convócanse as axudas do Igape ás explotacións leiteiras galegas, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira.

A tramitación destas axudas exclúe a concorrència competitiva con base ao establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto serán bonificables todas as operacións financeiras que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito. Xustifícase a excepcionalidade por canto nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de promover calquera proxecto de investimento que, cumprindo os requisitos especificados nas presentes bases, poidan levar adiante as empresas.

Así mesmo, a concorrència non competitiva é o mecanismo que permite que as solicitudes de axuda financeira poidan ser atendidas coa debida dilixencia e en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de xeito continuo.

Artigo 1. Obxecto

Estas bases regulan o contido e procedemento de tramitación de dúas liñas de financiamento bonificado dirixido ás explotacións leiteiras galegas, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira:

Liña 1. Refinanciamento de pasivos.

Liña 2. Apoio ao circulante.

Artigo 2. Beneficiarios

1. Poderán acceder ás liñas de financiamento previstas nestas bases, as pequenas e medianas empresas, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado UE.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiario as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da axuda. Neste caso deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da axuda que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan a agrupación. Non poderá adxudicarse a agrupación ata que

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E2D1EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>





transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de sociedades civís e comunidades de bens e outras entidades sen personalidade xurídica, o préstamo deberá estar formalizado a nome da entidade e deberá ser asinado por cada un dos seus membros. No caso das cooperativas, o préstamo poderá estar asinado por un representante da entidade, previa autorización dela, ou polos cooperativistas, que asumirán a débeda en proporción á súa porcentaxe de participación.

En calquera caso, deberán desenvolver a actividade de explotación de gando bovino para a produción de leite e ter radicado o centro da súa actividade económica en Galicia.

2. En aplicación do artigo 51.b) da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, os solicitantes poderán acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ser debedor por resolución de procedencia de reintegro mediante unha declaración responsable que se cubrirá no formulario electrónico de solicitude.

3. Ademais, deberán cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecida no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións, e non ser considerados empresas en crise, de acordo coa definición de empresa en crise establecida no apartado 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado da UE.

Artigo 3. Condicións das liñas de financiamento

1. Refinanciamento de pasivos.

Poderán acollerse a esta liña aquelas explotacións gandeiras que formalicen un préstamo a longo prazo que se destine a cancelación, en todo ou en parte, de pasivos financeiros formalizados con entidades de crédito e con vencemento a curto ou medio prazo, co obxecto de alcanzar o equilibrio financeiro e acomodar os fluxos monetarios de entrada e saída e evitar, deste xeito, problemas de liquidez.

Aos efectos do establecido no parágrafo anterior entenderanse por pasivos financeiros refinanciables, os seguintes:

- a) Pólizas de préstamo ou contratos de leasing, con vencemento non superior a 3 anos a partir da data de solicitude da axuda no Igape.
- b) Pólizas de crédito, con vencemento non superior a 3 anos a partir da data de solicitude da axuda no Igape.
- c) Posicións bancarias debedoras, sempre que sexan consecuencia de non atender aos vencementos de operacións financeiras das modalidades descritas nos apartados a) e b) anteriores.

Non se consideran pasivos refinanciables aqueles que tivesen calquera tipo de subvención encamiñada a mellorar as condicións financeiras respecto das normais de mercado.

Non poderán acollerse a esta liña aquelas empresas incursoas en situación concursal ou ben se atopen en algunha das situacións legais de disolución da sociedade.


2. Apoio ao circulante.

Poderán acollerse a este programa de apoio aquelas pequenas e medianas empresas que formalicen un préstamo que se destine ao financiamento do seu activo corrente, entendendo como tal o pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, seguridade social, aluguer, leasing, provedores, acredores por prestación de

servizos, reparacións, cotas de débedas bancarias a longo prazo no momento do seu vencemento. En ningún caso poderán aplicarse a financiar investimentos en inmovilizado ou activos financeiros, nin a cancelación anticipada de pasivos bancarios.

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.3 da Lei 39/2015, do 22 de setembro, de 14 de outubro de 2015.
FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ ANITA - NRI 1465
Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>





Artigo 4. Características das operacións de préstamo

1. Liña de refinanciamento de pasivos.

a) Modalidade:
Préstamos.

b) Importe.

O importe mínimo atendible será de 3.000 €. O préstamo con dereito a subsidiación constituirá a suma do importe do capital vivo, á data de solicitude, dos préstamos/leasing a cancelar e do importe nominal das pólizas de crédito.

c) Prazo.

Serán atendibles, aos efectos das axudas establecidas nestas bases, os préstamos formalizados a un prazo igual ou superior a 5 anos. Non se establece prazo máximo, non obstante, a subsidiación calcularase para un préstamo teórico a 7 anos, incluída unha carencia dun máximo de dous anos.

2. Liña de apoio ao circulante.

a) Modalidade:
Préstamos.

b) Importe:

O importe mínimo atendible será de 3.000 €.

c) Prazo.

Serán atendibles, aos efectos das axudas establecidas nestas bases, os préstamos formalizados a un prazo igual ou superior a 3 anos e un máximo de 7 anos, incluída unha carencia dun máximo de dous anos.

3. As explotacións poderán solicitar unha das liñas ou ben compatibilizar as dúas, en función do límite máximo de axudas en réxime de minimis, de acordo co Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), que establece un límite máximo de 15.000 € a unha única empresa nun período de tres anos. Tendo en conta o anterior estableceuse un límite máximo, potencialmente atendible, de 300.000 €, importe que en determinadas condicións de xuro, carencia e prazo, levaría implícita una subvención bruta equivalente igual ao límite máximo de axudas en réxime de minimis antes citado.

Artigo 5. Tipos de xuro e comisións

1. O tipo de xuro nominal anual para as operacións de préstamo acollidas a estas bases poderá ser fixo ou variable.

No caso de tipo de xuro fixo, este será o que libremente pacten as partes, sen que en ningún caso, poida exceder do 4 %. No caso de contar con aval dunha SGR, non poderá superar o 3%.

No caso de tipo de xuro variable, o tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirle ao tipo de referencia, o tipo adicional que pacten as partes e o seu sistema de variación estableceuse do seguinte xeito:

Tipo de referencia: Será Euribor a prazo de 6 meses. As revisións faranse semestralmente.

Tipo adicional: Será o que libremente pacten as partes, sen que en ningún caso, poida exceder de 3 puntos porcentuais sen aval de SGR e de 2 puntos porcentuais, no caso de contar co aval da SGR.

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 e do 02/2017 por
FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E2D1EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



O tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirle ao tipo de referencia, o tipo adicional que pacten as partes.

2. Se o Euribor ao prazo establecido deixase de determinarse, aplicarase o que legalmente o substitúa.

3. As comisións máximas que a entidade financeira poderá repercutir en conceptos de apertura e estudo será do 0,60%. Para as comisións de estudo e apertura, conxuntamente, a entidade financeira poderá estipular un mínimo de ata 30 €. Para estes efectos, non se considerará comisión o cobramento da tarifa de reclamación de posicións debedoras.

4. No caso de operacións avaladas por unha SGR, estas poderán cobrar ao cliente ata o 0,5% en concepto de comisión de estudo, ata o 1% en concepto de comisión de aval, calculado sobre o saldo vivo anual do importe avalado e ata o 4% do importe do financiamento avalado en concepto de cota social mutualista, que se aboará ao inicio da operación. Este importe será reembolsado ao cliente unha vez remate a súa relación coa SGR.

5. A garantía a favor das entidades financeiras serán as aportadas pola prestameira ou, no seu caso, o aval da sociedade de garantía recíproca adherida ao convenio, polo 100% do risco.

6. As garantías a favor da SGR serán o reaval do Igape en cobertura de ate o 25% do risco, e como garantía adicional poderán requirir garantías persoais, pero en ningún caso depósitos de activos líquidos ou financeiros que poidan detraer liquidez da empresa, adicionais ás achegas reintegrables aos fondos das SGR estipuladas para a operación. As SGR tamén poderán contar con reavais e achegas de organismos públicos ou dependentes da Administración.

Artigo 6. Axuda do Igape, compatibilidade e límite

1. A axuda financeira do Igape poderá consistir nos seguintes apoios:

a) Bonificación do tipo de xuro nominal das operacións de préstamo acollidas a estas bases de tal xeito que o tipo de xuro sexa cero para o beneficiario. No caso de préstamos a tipo de xuro fixo, a bonificación corresponderase co tipo de xuro establecido para toda a vida do préstamo. No caso de préstamos a tipo de xuro variable, a bonificación corresponderase co tipo de xuro establecido para o primeiro período semestral.

b) Axudas en forma de garantía: No caso de contar co aval dunha SGR, o Igape compensará o custo da comisión do aval financeiro prestado pola SGR, e para o caso da liña de apoio ao circulante prestará ademais un reaval de ate o 25% do principal da operación.

2. A axuda financeira que se conceda, tanto a bonificación ao tipo de xuro como, se é o caso, a compensación da comisión de aval da SGR, calcularase do seguinte xeito:

a) Calcularanse os valores absolutos das bonificacións a percibir durante o período teórico de vixencia do préstamo, incluído, se é o caso, o período de carencia. Tomarase coma base para o cálculo o 100% da operación formalizada e coma base da liquidación o ano comercial (360 días).

b) Actualizaranse os valores absolutos obtidos anteriormente, utilizando como taxa de actualización o tipo de xuro legal do diñeiro correspondente ao ano da formalización da operación financeira.

c) No caso de que a operación fose formalizada a un prazo superior a 7 anos, a bonificación e compensación da comisión de aval da SGR, calcularase de xeito teórico, coma se fose a 7 anos, incluída a carencia.

3. Axuda en forma de garantía.

Consistirá no reaval do Igape durante a vixencia da operación de préstamo, en garantía de ata o 25% do risco asumido pola SGR. Seguindo os criterios establecidos na Comunicación da Comisión 2008/C155/02 relativa a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE das axudas estatais outorgadas en forma de garantía, considérase como axuda indirecta a equivalente ao importe da prima non cobrada ao beneficiario.

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-58255DEA-308E7CB4 | Cód. Ver.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>





Dentro do límite do 25%, a cobertura do reaval do Igape outorgarase por unha porcentaxe que, sumado aos reavais doutros organismos, non superen o 80% do risco asumido pola SGR.

4. Compatibilidade.

A concesión das axudas destas bases queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, a da Unión Europea. Neses termos, serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea.

A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento da solicitude da axuda e no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. Así mesmo, a SGR deberá comunicar ao Igape, a porcentaxe de reaval obtida doutros organismos, así como as axudas en *minimis* implícitas no mesmo. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

5. Límites.

As axudas financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda de *minimis*. O importe da axuda financeira determinarase aplicando os criterios establecidos nos puntos anteriores. Non obstante, o dito importe limitarase, no seu caso, en función do límite máximo de axudas en réxime de *minimis*, de acordo co Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), que establece un límite máximo de 15.000 € a unha única empresa nun período de tres anos.

No caso de operacións avaladas por unha SGR, nas que o importe das axudas establecidas no artigo 6.1, superen o límite de *minimis*, darase prioridade ás axudas en forma de garantía.

Artigo 7. Consentimentos e autorizacións

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. A presentación da solicitude pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos establecidos regulamentariamente e no artigo 51.b) da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Artigo 8. Tramitación das solicitudes

1. Para presentar unha solicitude de axuda o interesado, deberá cubrir previamente un formulario descritivo da empresa, do proxecto e da operación financeira a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Unha vez cuberto o formulario, este pasará a disposición da entidade financeira e, no seu caso, da SGR a través da Extranet de Entidades Colaboradoras e xerará unha solicitude de tramitación do expediente en formato papel que se presentará na entidade financeira, asinada polo solicitante, que a título informativo se xunta como anexo I a estas bases. Nesta solicitude, apodérase á entidade financeira para que tramite, en nome do solicitante, o expediente de axuda ante o Igape, no caso de que este aprobe a operación financeira. Para estes

efectos as entidades colaboradoras terán que acreditar a súa solvencia técnica para acceder e xestionar a Extranet de Entidades Colaboradoras, de acordo co establecido no artigo 24 do Decreto 98/2010, do 2 de

FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>





decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes (DOG núm. 241, do 17 de decembro).

2. Deberá cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda. Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

3. As entidades de crédito centralizarán as solicitudes de axuda recibidas nas distintas sucursais e, no caso de aprobación da operación financeira, solicitarán en nome do interesado as axudas financeiras ao Igape no prazo máximo dun mes a contar dende a entrada do formulario na Extranet das Entidades Colaboradoras. No caso de que a operación financeira sexa denegada, a entidade financeira só comunicará a súa denegación.

A instrución e resolución do procedemento basearase nas declaracións contidas no citado formulario.

4. As solicitudes da entidade de crédito ao Igape presentaranse a través da "Extranet de Entidades Colaboradoras" (<http://extranet.igape.es>) sendo esta vía electrónica obrigatoria. O Igape resérvase a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da Extranet, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio asinado para o efecto.

5. A autorización de acceso á Extranet de entidades colaboradoras para este convenio darase de oficio para os usuarios que as entidades financeiras teñan xa rexistrados para outros convenios, se ben é posible modificar estas autorizacións ou dar novas altas mediante a notificación do anexo II, que se deberá presentar a través do enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

6. Os usuarios da Extranet asinantes da solicitude por esta vía electrónica deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o usuario da Extranet asinante da solicitude teña a autorización do interesado e da entidade de crédito tramitadora. A autorización por parte do interesado acreditarase mediante a solicitude orixinal (copia para a entidade de crédito do anexo I); a autorización por parte da entidade financeira virá dada polo anexo II entregado ao Igape segundo se indicou anteriormente.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido, tal e como especifica a Orde do 25 de novembro do 2004 da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG núm. 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para os efectos de presentación de solicitudes.

7. Dentro dos dez días seguintes á presentación das solicitudes no rexistro electrónico, a entidade financeira comunicaralles aos solicitantes a data na que as solicitudes foron presentadas no Igape, o número de expediente asignado, o prazo máximo establecido para a resolución e notificación do procedemento (dous meses desde a data de presentación da solicitude de axuda no Igape) e os efectos do silencio administrativo (negativo).

8. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude non reúne os datos esixidos nestas bases, requirirase ao solicitante e á entidade de crédito para que no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao requirimento se emende a falta, con indicación de que en caso contrario, teráselle por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

9. Dentro dos 15 días hábiles seguintes á presentación da solicitude no Igape, por parte da entidade financeira, a SGR deberá manifestar, no seu caso, a súa posición a través da Extranet de entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>). Posteriormente o Igape comunicará a través deste mesmo canal a sociedade de garantía recíproca correspondente e a entidade financeira a validación dos requisitos da solicitude da axuda

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.3 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por

FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>





financeira. A dita comunicación, autoriza a formalización da operación financeira, sen que a dita remisión supoña recoñecemento do dereito do solicitante a percibir finalmente a axuda.

Artigo 9. Resolución

1. Unha vez recibida a solicitude e, no seu caso, que a sociedade de garantía recíproca formule a súa posición, a solicitude será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos á operación declarados no formulario anexo a ela. Unha vez avaliada a solicitude, a Dirección da Área de Financiamento elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección.
2. Na resolución de concesión farase constar o importe do préstamo e os seus destinos concretos, a entidade financeira prestamista, o prazo de vixencia e carencia, o importe da axuda financeira e no seu caso, a SGR avalista e o importe da axuda en forma de garantía.
3. Na resolución denegatoria farase constar o motivo da denegación. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 50 e seguintes da Lei de subvencións de Galicia.
4. De acordo coas características do programa, o procedemento de concesión tramitarase en concorrencia non competitiva. As solicitudes resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas no Igape, e ata esgotarse as disponibilidades orzamentarias aprobadas, circunstancia que se publicará mediante resolución no *Diario Oficial de Galicia* e páxina web do Igape www.igape.es. O esgotamento do crédito conlevará a inadmisión de posteriores solicitudes.

Artigo 10. Notificación, silencio administrativo e recursos

1. O Igape notificaralle ao solicitante e comunicarlle á entidade financeira e á SGR, no seu caso, a concesión ou denegación da operación, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. A notificación realizarase vía electrónica a través do enderezo da internet <http://tramita.igape.es>. No caso de que o solicitante sexa unha persoa física deberá indicar no formulario de solicitude a súa preferencia polo emprego da notificación electrónica, para o que deberá cumprir os requisitos do artigo 14.4.b), ou en papel, neste procedemento de axudas.

2. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de dous meses desde a data de presentación completa da solicitude no Igape. O dito prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 22 da Lei 39/2015. Transcorrido tal prazo sen que se notifique resolución expresa, poderá entenderse desestimada.

Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo diante dos xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución se fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición diante do director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución se fose expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que de acordo co establecido nestas bases reguladoras se produza o acto presunto, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

3. Será causa de denegación da operación a falta de comunicación pola SGR, no seu caso, da súa posición respecto a aprobación da operación, nos prazos establecidos nestas bases e no convenio asinado para o efecto, sen prexuízo da posibilidade do solicitante de reiterar a súa solicitude.

Artigo 11. Publicación

De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluírán as axudas

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25



concedidas ao abeiro destas bases e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a súa remisión ás entidades financeiras e sociedades de garantía recíprocas para os efectos da formalización da operación, e a referida publicidade.

2. De acordo co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as axudas concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape www.igape.es e no Diario Oficial de Galicia expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da axuda, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no Diario Oficial de Galicia realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións. Non obstante, cando os importes das axudas concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no Diario Oficial de Galicia, que será substituída pola publicación das axudas concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

Artigo 12. Formalización da operación financeira

1. Unha vez recibida a solicitude no Igape, este poderá autorizar a formalización da operación financeira, previamente á resolución de concesión. A dita autorización comunicárase á entidade financeira e á SGR, no seu caso, a través da "Extranet de entidades colaboradoras" (<http://extranet.igape.es>), de acordo co establecido no artigo 8.10.

a) A formalización do préstamo antes da resolución de concesión non implica o recoñecemento de ningún dereito ou cualificación do expediente respecto á concesión solicitada.

b) No contrato de préstamo formalizado anticipadamente de acordo co previsto no apartado anterior, deberánse mencionar, polo menos, os seguintes extremos: que se presentou solicitude de axuda financeira no Igape, con indicación da data de rexistro de entrada neste Instituto, e que o préstamo quedará acollido ás axudas establecidas nas presentes bases nos termos e condicións establecidas na resolución de concesión que, no seu día, se dite. Ademais, o contrato deberá indicar as condicións financeiras, non suxeitas a estas bases, para o caso de que o Igape resolva denegatoriamente.

c) No suposto de que a resolución de concesión que no seu caso se dite, contemple unhas condicións diferentes das indicadas na autorización de formalización anticipada, deberá incluírse un anexo ao documento de préstamo, intervido por fedatario público, no que se fagan constar as características establecidas na dita resolución.

2. Se o préstamo se formaliza con posterioridade á data de notificación da resolución de concesión, deberá recoller a mención de estar acollido ás axudas previstas nestas bases.

3. O prazo máximo para a formalización do préstamo ou, no seu caso, adaptación da póliza ás condicións da resolución de concesión do Igape será de 2 meses, a contar desde o día seguinte á data de notificación da concesión ao beneficiario.

Finalizado o dito prazo sen que se formalizara ou adaptara, considerarase que o solicitante renuncia a axuda concedida e ordenarase o arquivo do expediente, salvo que, previa solicitude razoada de prórroga deste, presentada no Igape dentro do prazo e acreditando a conformidade da entidade financeira, o Igape autorice a dita prórroga.

4. Non será necesaria a formalización contractual do reaval, abonda para obrigar o Igape e a entidade beneficiaria do reaval a resolución de concesión e a formalización do aval coa SGR. A póliza de aval que se formalice entre a SGR e a empresa avalada deberá facer constar a existencia do reaval do Igape e as súas

características.

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por

BERNARDO DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Disposicións

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>





A disposición dos fondos do préstamo deberá efectuarse no prazo máximo de 3 meses dende a data de formalización da operación, e sempre con anterioridade á primeira amortización do préstamo subsidiado. Se existisen fondos pendentes de utilizar unha vez transcorrido o dito período, deberán destinarse á amortizar o principal do préstamo.

As amortizacións que se fagan por este motivo non se penalizarán, aínda que suporán un recálculo da subvención inicialmente concedida. Neste caso, a entidade financeira non poderá cobrar comisión ningunha pola amortización anticipada do principal do préstamo.

Artigo 14. *Pagamento da axuda financeira*

1. Para facer efectivo o pagamento da axuda o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento, no prazo máximo de 3 meses dende a data de formalización da operación ou, no seu caso, adaptación da póliza ás condicións da resolución de concesión aprobada polo Igape.

2. Para iso, deberá cubrir previamente o formulario de liquidación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

Deberá cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente a solicitude de cobramento. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación citada anteriormente.

3. A solicitude de cobramento presentárase mediante o formulario normalizado que a título informativo figura como anexo III a estas bases, no cal será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas, previo requirimento realizado para o efecto.

4. Unha vez xerada a solicitude de cobramento, se o beneficiario é unha persoa xurídica, deberá presentar a solicitude por vía electrónica a través do formulario de solicitude de cobramento normalizado co IDEL (anexo III), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, de acordo co establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, e sempre que o solicitante cumpra os requisitos seguintes:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004 da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan a un deles para presentar a solicitude. Este documento realizarase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

d) Unha vez asinada a instancia de solicitude co IDEL, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

e) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación electrónica, un recibo no que quedará constancia do feito da presentación.

f) Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior, tamén empregarán a vía electrónica para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Neste caso o



solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación electrónica para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción electrónico).

Na presentación por vía electrónica, de conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, o beneficiario deberá achegar coa solicitude de cobramento as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 14.5. O beneficiario responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo beneficiario, para o que poderá requirirse a exhibición do documento orixinal.

No caso de que o beneficiario sexa unha persoa física, unha vez xerada a solicitude, alternativament, tamén a poderá presentar en soporte papel no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario de solicitude normalizado (anexo III) co IDEL, acompañado das copias simples dos documentos relacionados no artigo 14.5. No formulario de solicitude inclúese unha declaración responsable da persoa que asina a solicitude de que as copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape.

5. Coa dita solicitude deberá presentar a seguinte documentación:

a) Para calquera das liñas:

Póliza ou escritura de préstamo.

b) Para o programa de refinanciamento de pasivos:

1º Pólizas correspondentes ás operacións canceladas.

2º Certificación bancaria da cancelación total ou parcial das mesmas e, no seu caso, da amortización anticipada do importe correspondente á diferenza entre o préstamo formalizado e o importe das cancelacións, como consecuencia do desfase temporal entre a solicitude e a formalización ou respecto do saldo vivo das pólizas de crédito.

No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase o beneficiario para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu Regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

c) Para o programa de apoio ao circulante, o sistema de xustificación será a conta xustificativa simplificada establecida no artigo 51 do Decreto 11/2009, que regula a Lei de subvencións de Galicia (por tratarse de axudas por importe inferior a 30.000,00 €). No formulario de liquidación solicitaranse os datos e información necesarios para a súa composición, establecidos no citado artigo, que son:

1º Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.

2º Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.

3º Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

4º Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por

FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>





O Igape poderá requirirle ao beneficiario a remisión dos xustificantes das finalidades do préstamo bonificado seleccionados en base a técnicas de mostraxe, comprobándose a estes efectos polo Igape un mínimo do 10% dos expedientes con subvención bruta equivalente aprobadas por importe ata 6.000 €, e un mínimo do 20% dos expedientes con axudas aprobadas por importe superior a 6.000 € e ata 15.000 €.

Porén, cando das comprobacións realizadas non se acade a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da axuda, o Igape procederá a requirirle aos beneficiarios a totalidade dos documentos xustificativos.

6. O Igape revisará a documentación xustificativa, podendo solicitar ao beneficiario, á entidade de crédito ou, se é o caso, á SGR calquera documentación e información adicional que considere oportuno para os efectos dunha correcta análise da xustificación da realización do proxecto.

7. Unha vez verificada a documentación achegada, o Igape procederá ao pagamento da axuda financeira á conta designada polo beneficiario no formulario de solicitude.

En calquera caso o réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Cando o beneficiario da axuda poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da axuda, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme ao artigo 17 destas bases, despois de omitirse o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da axuda poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

A aceptación das alteracións por parte do Igape no acto de comprobación non exime ao beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme á Lei de Subvencións de Galicia.

Artigo 15. Procedemento en caso de execución dos reavais do Igape

1. No caso de falta de pagamento por parte do titular do préstamo e tras un período de 180 días nos que tanto a entidade financeira como a sociedade de garantía recíproca efectuarán as oportunas xestións para a súa regularización, será suficiente o requirimento escrito da entidade financeira prestamista á SGR para que esta liquide o capital pendente de amortizar, máis os xuros de demora xerados, calculados a un tipo que non poderá superar en 4 puntos o establecido no artigo 6.1 destas bases reguladoras.

2. A SGR non aboará os xuros de demora se realiza o pagamento dentro do prazo de cinco días hábiles contados desde a notificación do requirimento escrito da entidade financeira.

3. Unha vez que a operación resultase falida, a SGR deberá comunicar ao Igape tal circunstancia nos trinta días naturais seguintes. O Igape reconecerá cada mes as obrigas de pagamento correspondentes aos falidos comunicados no mes anterior, e procederá no mesmo momento ao pagamento das obrigas reconecidas, con cargo aos seus propios orzamentos.

4. As sociedades de garantía recíproca obríganse á execución dos bens e dereitos do prestameiro, asumindo os gastos do proceso e reintegrando ao Igape segundo o establecido no apartado seguinte.

5. O Igape participará no recobrimento da SGR proporcionalmente ao risco reavalado, unha vez deducidos os gastos do proceso por ela soportados. Este importe deberá ser ingresado no Igape ao final de cada ano, na conta que este designe. Se a SGR se adxudica en pagamento de débedas, bens ou dereitos coa intención de vendelo a un terceiro, xa sexa en virtude de acordos extraxudiciais (dacións en pagamento, cesión de bens, permutas, etc.) ou por procedementos xudiciais, as SGR reembolsarán ao Igape a parte dos importes obtidos na transmisión dos citados bens a un terceiro que lle corresponda ao instituto proporcionalmente á porcentaxe de reaval do principal, ao final de cada ano e na conta que o instituto sinala.

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por

FERNANDEZ DOMINGUEZ ANITA, NPI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>





1. As SGR remitirán mensualmente ao Igape unha relación dos avais en vigor outorgados ao abeiro destas bases reguladoras, detallando polo menos, para cada un deles, os seguintes datos: beneficiario, importe formalizado, risco en vigor, risco avalado por CERSA e, se é o caso, risco avalado por outras entidades, importe incurso en morosidade, provisiones dotadas e, de ser o caso, importe considerado falido.

2. As SGR terán que custodiar e ter á disposición do Igape toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión do reaval, a que reflicta as incidencias sobrevidas nas operacións reavaladas e a especialmente establecida nestas bases, durante un período de cinco anos desde a súa cancelación.

Artigo 17. Modificacións

1. O beneficiario queda obrigado a comunicarlle ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os que foi concedida a axuda. En particular deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para a mesma operación no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de cobramento.

2. O beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución, con carácter previo á formalización da operación. Unha vez formalizada a operación só se admitirán solicitudes relativas ao troco de titularidade. No caso de que a modificación afecte aos datos declarados no formulario, deberá cubrir previamente un novo formulario na aplicación informática e obter un novo código IDE. Este IDE incluírase na solicitude de modificación que se dirixirá ao director do Instituto Galego de Promoción Económica.

3. O director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, poderá acordar as modificacións da resolución relativas ao importe e características do préstamo atendible, importe reavalado e titularidade, tidas en conta para a concesión da axuda sempre que a modificación non prexudique a terceiros, e os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

O cambio de beneficiario deberá acreditarse documentalmente así coma a subrogación na totalidade dos dereitos e obrigas derivados do proxecto subvencionado e especificamente da operación subsidiada. Presentarase a solicitude asinada polo novo titular, xunto co consentimento do anterior beneficiario.

En ningún caso a resolución de modificación implicará aumentar a contía da subvención inicialmente aprobada.

4. No caso de modificacións da operación financeira, unha vez formalizada e que supoñan unha mellora solicitada pola empresa (carencia intermedia, diferencial, etc), poderá levarse a cabo sen autorización previa do Igape. Non obstante, a entidade financeira deberá comunicala. As ditas modificacións non superarán, en ningún caso, a revisión á alza das axudas concedidas.

5. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou a súa revogación, no caso de que os ditos cambios supoñan o incumprimento dos requisitos establecidos para os proxectos ou beneficiario.

6. O Igape poderá rectificar de oficio a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduxa a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

Artigo 18. Reintegros, incumprimentos e sancións

1. Procederá o reintegro por parte do beneficiario das axudas financeiras e, no seu caso, do compoñente de axuda do reaval concedido con motivo da súa operación de préstamo, xunto cos xuros de demora xerados desde o pagamento, nos seguintes casos:



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tidas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, e debe resolver sobre o seu alcance aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

1º No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base de cálculo da axuda, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados inicialmente, debendo, se for o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 50 % do proxecto financiado, entenderase que o dito incumprimento é total, e deben reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

2º Non manter a vixencia do préstamo bonificado durante o período inicialmente establecido na escritura de formalización suporá o reintegro do importe correspondente á seguinte graduación:

Se se amortizase totalmente o préstamo durante o primeiro cuarto da vida do préstamo, suporía a devolución do 90 % da axuda.

Se se amortizase totalmente o préstamo durante o segundo cuarto da vida do préstamo, suporía a devolución do 40 % da axuda.

Se se amortizase totalmente o préstamo durante o terceiro cuarto da vida do préstamo suporía a devolución do 20% da axuda.

b) Incumprimento total:

1º Con carácter xeral, se o incumprimento nos destinos do préstamo supón un importe de préstamo atendible inferior ao mínimo establecido nestas bases reguladoras, deberá reintegrarse todas as cantidades abonadas, en concepto de compoñente de axuda financeira e do reaval e os seus xuros de demora.

2º Obter a axuda sen reunir as condicións requiridas nas bases reguladoras.

3º Cando non permitan someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou Consello de Contas.

2. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, sendo competente para a súa resolución o director xeral do Igape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes á súa notificación e potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

3. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, os beneficiarios e entidades financeiras e SGR colaboradoras sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e no título VI do seu regulamento.

Artigo 19. *Modificación das condicións financeiras e comisións de aval en caso de incumprimento*

As entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca poderán pactar nas correspondentes pólizas e contratos de garantía que sexan de aplicación diferentes condicións ás estipuladas nestas bases, no suposto de que o Igape resolva o incumprimento de condicións do prestameiro.

Artigo 20. *Control*

Tanto as entidades financeiras como as sociedades de garantía recíproca adheridas e os beneficiarios das operacións de financiamento quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións financeiras acollidas a estas bases.

Artigo 21. *Adhesión mediante convenio de entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca*

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por

FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E2D1EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>





1. O Igape convidará a adherirse ao convenio de colaboración no cal se regulen os compromisos das partes a todas aquelas entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca que, tendo acreditada unha presenza significativa en Galicia, así como a súa solvencia (a solvencia entenderase acreditada se prestaron servizos financeiros ás pequenas e medianas empresas durante os últimos tres anos e se comprometen a desenvolver os procedementos necesarios para o bo fin da tramitación das operacións, por todos os medios dispoñibles, humanos e técnicos, para facilitarlle o acceso a esta liña de financiamento), colaborasen co instituto nos seus programas de subsidiación ao tipo de xuro de préstamos, créditos ou operacións de arrendamento financeiro. Así mesmo, poderán instar a súa adhesión todas aquelas entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca acreditadas polo Banco de España que, demostrando unha implantación significativa en Galicia, dispoñan dos medios técnicos adecuados para asegurar a correcta tramitación dos expedientes conforme o establecido no convenio asinado para o efecto, nestas bases e nos seus anexos.

As ditas entidades xustificarán mediante declaración responsable o cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo as obrigas do artigo 12 do citado texto legal.

2. A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades bastantes, da declaración que se xunta como anexo IV a estas bases, que se deberá presentar a través do enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. O Igape dará conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo partícipe no convenio e publicarao no *Diario Oficial de Galicia*.

3. As entidades colaboradoras adheridas ao convenio relaciónanse no anexo V a estas bases.

Artigo 22. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación destas bases reguladoras, cuxo tratamento e publicación autorízase polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Beneficiarios - Terceros", cuxo obxecto, entre outras finalidades, é xestionar estas bases reguladoras, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o Igape. quen no ámbito das súas respectivas competencias, cederá os datos á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a resolución do expediente administrativo, así como aos outros órganos especificados nestas mesmas bases reguladoras para a súa tramitación. O solicitante faise responsable da veracidade de todos eles e declara ter o consentimento das terceiras persoas cuxos datos poidan ser necesarios aportar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lopd@igape.es.

Artigo 23. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulamento de avais do Igape, e nos decretos 132/1995, do 10 de maio, e 302/1999, do 17 de novembro, que o modifican e na Orde da Consellería de Economía e Industria do 27 de agosto do 2009 (DOG nº 173, do 3 de setembro), e Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, estarase ao disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
LIÑAS DE APOIO AO ACCESO E ADECUACIÓN DO FINANCIAMENTO DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS	IG525B	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL					
NIF					
TIPO	NOME DA VÍA	NUMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			
ACTIVIDADE					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)	
NOME E APELIDOS	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	☐ Persoa solicitante ☐ Persoa representante
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet: http://tramita.igape.es , logo de identificación mediante certificado.	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

Só no caso de que o solicitante sexa unha persoa física					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (poderá ser cambiado en calquera momento da tramitación do procedemento)					
☐ Electrónica a través do enderezo da internet http://tramita.igape.es . Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.					
☐ Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)					
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos, consignados, relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN	

SOLICITUDE PARA (no caso de solicitar axuda para as dúas liñas deberá cubrir unha solicitude para cada unha)	
☐ IG221- Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras: Liña 1- Refinanciamento de pasivos.	
☐ IG222- Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras: Liña 2 - Apoio ao circulante.	





A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRONICO (IDE) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS

CÓDIGO DE COMPROBACIÓN

2. (Só no caso de persoas xurídicas) Que a sociedade está legalmente constituída e representada, segundo os seguintes datos:

ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE					
ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OTORGADA POR ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO	NIF SOCIEDADE	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE

PODER DE REPRESENTACIÓN					
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE	PODER Nº	DATA PODER	OTORGADO ANTE O NOTARIO	Nº PROTOCOLO	

O solicitante apodera á entidade financeira para a presentación e tramitación ante o Igape desta solicitude e, en xeral, para a tramitación do expediente, conforme o sinalado nas bases reguladoras.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informaselle que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro titularidade do Igape, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lodp@igape.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do ... pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección, que aproba as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

--	--

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por

FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



NOTIFICACIÓN DE PERSOAS AUTORIZADAS PARA O ACCESO Á EXTRANET IGAPE-ENTIDADES COLABORADORAS POR PARTE DAS ENTIDADES FINANCEIRAS E SGR
Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras

DATOS DA ENTIDADE:		
RAZON SOCIAL		NIF
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN		
NOME E APELIDOS		NIF
☐ O poder do representante foi presentado xa no Igape ☐ Xúntase a esta solicitude copia compulsada do poder		
NOTARIO QUE OTORGOU O PODER	DATA	Nº DE PROTOCOLO

RELACION DE PERSOAS CON CERTIFICADO DIXITAL AUTORIZADAS PARA ACCEDER A EXTRANET IGAPE- ENTIDADES COLABORADORAS COMO REPRESENTANTES DA ENTIDADE		
NOME E APELIDOS	DEREITOS DO/A USUARIO/A (1)	NIF
	☐ Acceso e operación ☐ Sinatura de documentos	
	☐ Acceso e operación ☐ Sinatura de documentos	
	☐ Acceso e operación ☐ Sinatura de documentos	
	☐ Acceso e operación ☐ Sinatura de documentos	
	☐ Acceso e operación ☐ Sinatura de documentos	

(1) O dereito de "Acceso e operación" implica a posibilidade de consultar e modificar os datos dos expedientes presentados ao abeiro do convenio, sen que estea facultado para presentar solicitudes telemáticas ao Igape en representación da entidade. O dereito de "Sinatura de documentos" inclúe todas as posibilidades do acceso anterior, e ademais a capacidade de presentar ante o Igape documentos (solicitudes, autorizacións, solicitudes de cobro e outros que se definan para o Convenio) asinados dixitalmente con plenos efectos legais.

Os datos recollidos nesta solicitude, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro S/N 15703 Santiago de Compostela.

Notifico ao Igape que as persoas aquí indicadas están autorizadas a acceder por conta desta entidade á Extranet Igape-Entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>), co nivel de acceso indicado, quedando canceladas as autorizacións anteriores.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE


Lugar e data

, de de

galicia

igape»

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por

FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A7D4456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



SOLICITUDE DE COBRAMENTO

IG525B - Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO ANEXO

EXPEDIENTE NÚM.

DATA RESOLUCIÓN

AXUDA FINANCEIRA CONCEDIDA €

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

☐ Que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL), obtido da aplicación informática para cubrir o formulario de liquidación, e o seu código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. Este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) - 48 DÍGITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1-160 BITS

CÓDIGO DE COMPROBACIÓN

☐ Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de axuda e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación establecida no artigo 14.5 das bases reguladoras, polo que solicita lle sexa aboada a axuda correspondente segundo o establecido na resolución de concesión da axuda.

☐ No caso de presentación da solicitude via electrónica, que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

☐ No caso de que o solicitante sexa unha persoa física e presente a solicitude en soporte papel, que a documentación presentada no expediente en copia simple, constitúe unha reprodución exacta dos seus orixinais.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

de

de

galicia

igape»

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



DECLARACIÓN DE ADHESIÓN AO CONVENIO

Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

TIPO NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME E APELIDOS NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que coñece os termos e condicións do convenio de colaboración para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras, subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e que ten interese en participar no dito convenio.
2. Que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

galicia

igape

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNANDEZ DOMÍNGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>



ANEXO V

RELACIÓN DE ENTIDADES FINANCEIRAS E SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA ADHERIDAS
Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras

Caixas	Bancos	Sgr
-Caixa Rural Galega, Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Gallega	-Banco Popular Español, S.A. -Banco Pastor, S.A. -Banco Caixa Geral, S.A. -Bankinter, S.A. -Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. -Abanca Corporación Bancaria, S.A.	-Aflanzamientos de Galicia -Sociedad de Garantía Reciproca (Afigal, S.G.R.) -Sociedad de Garantía Reciproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense (Sogarpo, S.G.R.)

Copia electrónica auténtica do orixinal xerada aos efectos do Art. 16.5 da Lei 39/2015 a 10/02/2017 por
FERNANDEZ DOMINGUEZ ANTIA - NRI 1465

Comprobación: D887496E-5A704456-4E201EBF-68255DEA-506E7CB4 | Cod. Val.: 25

IGAPE | Cons. Economía e Industria | Xunta de Galicia | <http://tramita.igape.es>

